


Improvisación e artes do espectáculo

Chefa Alonso

Quer desde o punto de vista da valoración persoal quer desde a metodoloxía do traballo a improvisación xera diversos posicionamentos. Antes de comentar e analizar algúns deles gustaría de aclarar o concepto de improvisación, non só para afastalo da idea simple e equivocada de "falta de previsión", "chafallada", "ausencia de preparación", etc., como para establecer unhas características sobre as que basear un posíbel debate.



A improvisación é o inicio e a esencia de todo proceso creativo e non só nas artes do espectáculo. É estraño o grupo ou a persona que se achega a un traballo de creación escénica con todo atado de antemán e considerándoo inamovíbel. Todos os que se implican en procesos creativos colectivos saben a importancia que ten a flexibilidade, ao irse adaptando ás condicións reais de todos os elementos (moitos) implicados nestes procesos.

A improvisación sería o extremo máximo na liberdade á hora de crear unha entidade escénica, sexa musical, teatral, de danza, circense, etc; pero a improvisación, ademáis de ser o principio "natural" de calquera creación - na orixe da música, a danza, o teatro, están esas primeiras probas e xogos con sons, movementos, accións, desde unha inocencia e unha confianza que compe recuperar - é unha ferramenta moitas veces

esquecida pero non por iso menos importante para compor e experimentar en todos os procesos creativos.

Os máximos detractores na utilización da improvisación, mesmo só como ferramenta de traballo, adoitan ser tamén os máis autoritarios. Autores máis partidarios do traballo en solitario a quen custa delegar nos seus colaboradores as responsabilidades creativas. A desconfianza nos demais e o medo á falta de control sustentan este tipo de actitudes. Tamén o sentimento de autoría non compartida que é, por outro lado, o máis xeralizado: "esta idea é só miña e quero realizala exclusivamente á miña maneira".

Outros creadores, e son moitos, admiten, aceptan e utilizan a improvisación como ferramenta, medio ou camiño para chegar a un espectáculo pechado. A través da improvisación, os músicos, actores ou bailaríns exploran en si mesmos e nos instrumentos que utilizan para reflectir as súas necesidades expresivas; desenvolven habilidades como a flexibilidade, xa que deben adaptarse ás situacións que se producen no momento, eficiencia para resolver os conflitos, expresividade para mostrar a súa personalidade, fluidez para desenvolver as situacións, tolerancia para aceptar o que se produce no momento, independencia, porque tamén é importante expresar e levar ao cabo unha idea propia, coherencia e inventiva para propoer e provocar situacións, desenvolvéndoas e soluciónándoas.

Para o músico, o actor, o bailarín, a técnica é importante: hai que pór a punto e estudar o instrumento que empregamos, sexa este a voz, o corpo ou un saxofón; pero a técnica considerada un fin en sí mesma, desprovista da súa relación co artista e as súas necesidades expresivas, acostuma conducir a unha profesionalidade fría e deshumanizada. A técnica ten que ir unida á experiencia e á vida.


Non debemos ser excesivamente escravos dos nosos recursos técnicos, do noso autocontrol, nin da nosa linguaxe herdada porque corremos o risco de ficar sen poesía e sen verdade.

Por medio da improvisación o artista tamén adquire unha linguaxe propia e a técnica necesaria para expresarse. A improvisación confronta os creadores con situacións imprevistas (como a vida mesma) onde hai que contar co que hai e buscar solucións eficaces. Ensina a confiar nun mesmo e nos outros. Ensina tolerancia e aceptación do diverso.

Pero ademáis dunha excelente ferramenta de creación, a improvisación, de se practicar e traballar dunha forma seria, pódese converter nunha disciplina e orixinar espectáculos escénicos dun nivel de calidade similar aos espectáculos convencionais, no sentido de "pechados" e inamovíbeis. Isto adoita ser máis difícil de aceptar tanto por parte dos creadores como por parte do público, porque que é un espectáculo?, pódese considerar un espectáculo "serio" aquel que está baseado na improvisación?

Un espectáculo é a representación de algo que se ofrece á vista ou á contemplación intelectual e é capaz de atraer e conmover o público, provocándolle diferentes afectos: asombro, deleite, dor, diversión, escándalo, estrañeza. Segundo isto, unha experiencia baseada na improvisación, que se abre ao público, é tamén un espectáculo e por tanto outra forma de atraer e conmover a audiencia, desde o meu punto de vista, honesta e arriscada. É precisamente nesta última característica (dou por suposto que todos os espectáculos nados desde a necesidade de comunicar algo e conmover o público e feitos con seriedade aínda que non utilicen a improvisación, son honestos), na aceptación do risco que esta forma de traballar implica, onde tanto os creadores como o público se separan e diferencian.


Os creadores poden achar ben utilizar a improvisación nos ensaios, como parte do traballo previo, pero á hora de pór en aberto ese mesmo proceso dúbidas razoábeis, aparecen por todas partes. Ata que punto estamos preparados para improvisar diante do público?, que lle imos ofrecer a este público que nos vén ver ou escoitar?



A práctica da improvisación ensínanos a empregar esta actividade como outro modo de crear, de compor no momento e diante do público, e o único xeito de aprender isto é facéndoo.

O improvisador ten que responder á contorna e ao mesmo tempo forma parte do contexto ao que responden os demais. No desenvolvemento da improvisación, os axustes entre os improvisadores son continuos; hai un proceso colectivo de orientación da actividade no que a percepción da maneira en que se está desenvolvendo o proceso é unha parte esencial da xeración dese proceso.

Toda a xente de teatro, danza, música, cine, *performance*, é dicir todos os practicantes das artes dos espectáculo saben que a parte que queda fóra do control da razón e a vontade, aquilo que foxe ás veces do estipulado nos ensaios, o que provén máis do azar e a intuición, é moitas veces o responsábel da maxia, a poesía, o *duende* que todo espectáculo debe posuír. Isto non quere dicir que non sexan necesarios os ensaios racionais e disciplinados, pero un bo facer non garante a eficacia dun espectáculo.



Na improvisación o “bo facer” vén determinado pola capacidade de escoita do intérprete, unha escoita que como unha antena parabólica oriéntase en todas as direccións: cara un mesmo, cara os outros intérpretes, cara o público, deixándose levar pola intuición e a sabedoría do corpo.

A improvisación pon en xogo, dunha forma poética, modos de relacionarse có mundo e cós demais.

O público que pode estar interesado na improvisación como espectáculo, que experimenta con ela experiencias a nivel persoal, é tamén un público un pouco especial, que non vai buscando unha obra terminada e en moitas ocasións coñecida, mais o propio proceso de búsqueda que ten todo espectáculo baseado na improvisación. Obviamente,

non todas as experiencias baseadas na improvisación son interesantes pero tampouco son moitos espectáculos compostos e pechados. O importante, como dicimos os músicos, é que a música sexa boa, non se está composta e escrita de antemán ou está improvisada (composta no momento a través do instrumento).

A asistencia a un espectáculo de improvisación sería comparábel a presenciar un partido de fútbol (eu non son seareira particular neste deporte) pois o público non sabe cal vai ser o resultado do mesmo. O pracer e o interese que atopa a xente que asiste a un partido é presenciar o propio xogo. Da mesma maneira, ao público que desfruta dun espectáculo de improvisación tenlle que interesar a relación, a negociación, establecida entre actores, bailaríns ou músicos para que a música, a danza ou a acción teatral se desenvolva e camiñe. A interacción é a base de todo este proceso, por isto, súmome ás palabras de Gonzalo Abril: "moitos dos improvisadores reclaman unha poética que non arraigue en matrices ou parámetros formais, mais comportamentais, ou, como adoitan dicir, na interacción. Que o discurso sexa, en certa medida, o devir desa mesma interacción".

Ao mesmo tempo que a "composición" (e aquí non estou a falar só de composición musical, senón de calquera tipo de obra pechada) se pode liberar permitindo a entrada da improvisación en distintos niveis: o propio texto, o movemento, as accións, o sentimento, a improvisación tamén se pode contextualizar a través de temas de desenvolvemento, materiais, motivos, etc. É dicir, non hai motivo para comezar a improvisar desde a nada ou desde a liberdade total (aínda que se pode). Isto é realmente difícil.

No caso da música, onde nos movemos cunha linguaxe abstracta, parece que a improvisación libre ten máis sentido de existir. De feito, a música improvisada existe desde hai máis de cincuenta anos en Europa e orixinou, e continua a facelo, moreas de festivais, asociacións, concertos, publicacións, grupos e orquestras. É unha actividade viva e íntimamente relacionada co mundo contemporáneo. No entanto, a palabra e o movemento que sustentan o teatro ou a danza, están tamén profundamente relacionadas coa experiencia de calquera ser humano. As conversas que se producen entre a xente son improvisacións, os movementos na rúa, as discusións, as negociacións sociais, o que facemos para cociñar ou para facer o amor. As mesmas situacións que moitas veces son desenvolvidas como temas dos espectáculos de teatro ou de danza- as relacións persoais: o amor, os ciumes, o poder, a envexa, o humor, a morte etc- a través dun texto

escrito ou coreografado, poderíanse “representar” dunha forma improvisada, con actores e bailaríns experimentados na improvisación, co mesmo rigor e eficacia, ademáis de contar co poder (e o risco) que ten calquera actividade que traballa ao vivo.

En relación á música, hai moitísimos exemplos de que isto sucede así: os bos grupos de improvisadores (a improvisación é unha actividade eminentemente colectiva) crean unha música tan interesante como calquera grupo bo de música escrita, pero ademáis, ofrecen ao público a oportunidade de asistir ao propio proceso da composición.

Coa defensa da improvisación non estou nin quero estar desvalorizando os traballos “compostos”, simplemente tento devolver o espazo e a importancia que ten unha actividade tan vinculada ao proceso creativo.

